

# EPA “EDUARDO PONDAL”

## CURSO 2024 -25

### DEBUXO TÉCNICO II (2º Bacharelato)

#### 1. MATERIAIS E RECURSOS

- Libro de texto: DIBUJO TÉCNICO II. Revuela. Editorial SM  
ISBN: 978 – 84 – 191 – 0256 – 0
- Aula Virtual da EPA: [AV \(xunta.gal\)](http://AV.xunta.gal)

#### 2. UNIDADES DIDÁTICAS E TEMPORALIZACIÓN POR AVALIACIÓNS

Avaliación	Sesión	Unidades Didácticas
1ª	1ª	Tema 1: Potencia, inversión e tanxencias Tanxencias Potencia
	2ª	Tema 1: Potencia, inversión e tanxencias Inversión Uso da potencia para resolver tanxencias
	3ª	Tema 1: Potencia, inversión e tanxencias Uso da inversión para resolver tanxencias Problemas de Apolonio
	4ª	Tema 2: Curvas cónicas Curvas cónicas Elipse
	5ª	Tema 2: Curvas cónicas Hipérbola Parábola
	6ª	Tema 3: Transformacións xeométricas Homoloxía
	7ª	Tema 3: Transformacións xeométricas Afinidade
	8ª	Tema 4: Sistema diédrico I: Métodos Introdución: punto, recta e plano Interseccións
	9ª	Tema 4: Sistema diédrico I: Métodos Paralelismo Perpendicularidade Distancias
2ª	1ª	Tema 4: Sistema diédrico I: Métodos Abatements Cambios de plano
	2ª	Tema 4: Sistema diédrico I: Métodos Xiros

		Ángulos
	3ª	Tema 5: Sistema diédrico II: Corpos xeométricos Pirámides Prismas
	4ª	Tema 5: Figuras no sistema diédrico Polígonos regulares Cono
	5ª	Tema 5: Figuras no sistema diédrico Cilindro Esfera
	6ª	Tema 6: Sistema axonométrico ortogonal Introdución: punto, recta e plano Interseccións
	7ª	Tema 6: Sistema axonométrico ortogonal Perspectiva de figuras planas Perspectiva de sólidos
	8ª	Tema 7: Sistema axonométrico oblicuo Introdución: punto, recta e plano Interseccións
	9ª	Tema 7: Sistema axonométrico oblicuo Perspectiva de figuras planas Perspectiva de sólidos
3ª	1ª	Tema 8: Sistema de planos acoutados Introdución: punto, recta e plano Interseccións
	2ª	Tema 8: Sistema de planos acoutados Determinación de cubertas Traballar con terreos
	3ª	Tema 9: Sistema cónico Introdución: punto, recta e plano Interseccións
	4ª	Tema 9: Sistema cónico Puntos métricos Métodos perspectivivos
	5ª	Tema 10: Normalización e croquización Normalización: formatos e liñas normalizadas Normalizar perspectivas Croquizar e escalar
	6ª	Tema 11: Cortes, seccións e roturas Vistas dun obxecto Cortes de obxectos
	7ª	Tema 11: Cortes, seccións e roturas Seccións de obxectos Interseccións
	8ª	Tema 12: Proxectos Elementos e tipos de proxectos Planificación do proxecto Desenrolo do proxecto Publicación do Proxecto

### **3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CONTIDOS MÍNIMOS**

#### **3.1 TEMA 1: POTENCIA, INVERSIÓN E TANXENCIAS**

##### **3.1.1 Criterios de avaliación**

- CA1.2. Construír figuras planas aplicando transformacións xeométricas e valorando a súa utilidade nos sistemas de representación.
- CA1.3. Resolver tanxencias aplicando os conceptos de potencia cunha actitude de rigor na execución.
- CA1.5. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.

##### **3.1.2 Contidos mínimos**

- Potencia dun punto respecto a unha circunferencia. Eixe radical e centro radical. Aplicacións en tanxencias.
- Inversión. Construción de figuras inversas.
- Resolución de problemas de aplicación de tanxencias.
- Coñecer e comprender os fundamentos e propiedades das construcións básicas de tanxencias entre rectas e circunferencias e entre circunferencias.
- Resolver problemas xeométricos complexos, analizando as posibles solucións e seleccionando a estratexia para resolvelo de forma sinxela, especialmente aqueles casos nos que non se coñece o radio.
- Realizar problemas aplicando os casos de tanxencia que correspondan para debuxar ligazóns e insercións.

#### **3.2 TEMA 2: CURVAS CONICAS**

##### **3.2.1 Criterios de avaliación**

- CA1.2. Construír figuras planas aplicando transformacións xeométricas e valorando a súa utilidade nos sistemas de representación.
- CA1.4. Trazar curvas cónicas e as súas rectas tanxentes aplicando propiedades e métodos de construción, e amosando interese pola precisión.
- CA1.5. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.

##### **3.2.2 Contidos mínimos**

- Orixe e propiedades das curvas cónicas.
- Construción das curvas cónicas: elipse, parábola e hipérbola.
- Rectas tanxentes a curvas cónicas Interseccións de rectas e curvas cónicas.

- Relacionar as curvas cónicas coas seccións dun cono, describindo as propiedades e aplicacións de cada unha.
- Comprender e resolver problemas xeométricos de intersección e tanxencia de rectas e curvas cónicas, explicando o procedemento utilizado.
- Construír curvas cónicas a partir dos elementos que as definen ou a partir de tanxentes, asíntotas e outros elementos.

### **3.3 TEMA 3: TRANSFORMACIÓNS XEOMÉTRICAS**

#### **3.3.1 Criterios de avaliación**

- CA1.2. Construír figuras planas aplicando transformacións xeométricas e valorando a súa utilidade nos sistemas de representación.
- CA1.3. Resolver tanxencias aplicando os conceptos de potencia cunha actitude de rigor na execución.
- CA1.5. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.

#### **3.3.2 Contidos mínimos**

- Homoloxía. Construción de figuras homólogas.
- Afinidade. Construción de figuras afíns.
- Coñecer e comprender os fundamentos das transformacións homolóxicas e identifica os seus elementos, como os invariantes xeométricos, coñecendo e aplicando as súas propiedades.
- Resolver problemas xeométricos e representa figuras planas mediante homoloxía e os seus casos particulares: afinidade e inversión. Realizar figuras a escala, indicando graficamente a construción auxiliar utilizada.

### **3.4 TEMA 4: SISTEMA DIÉDRICO I: MÉTODOS**

#### **3.4.1 Criterios de avaliación**

- CA2.1. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA2.2. Resolver problemas xeométricos mediante abatements, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre os métodos utilizados e os resultados obtidos.
- CA2.3. Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico.

#### **3.4.2 Contidos mínimos**

- Representación de punto, recta e plano en sistema diédrico.
- Interseccións de planos e de recta e plano.

- Paralelismo e perpendicularidade entre rectas e planos.
- Cálculo de distancias en sistema diédrico. Sistema diédrico directo.
- Coñecer o fundamento do sistema diédrico e resolver sen dificultade os problemas fundamentais de interseccións, paralelismo, perpendicularidade e cálculo de distancias aplicando o sistema diédrico e o sistema diédrico directo.
- Sistema diédrico: abatements, cambios de plano e xiros.
- Sistema diédrico directo: abatements, cambios de plano e xiros.
- Aplicacións dos métodos do sistema diédrico: ángulos e figuras planas.
- Coñecer e comprender en sistema diédrico e diédrico directo os métodos como abatements, cambios de plano e xiros e aplicaos á representación de figuras planas, trazando as súas proxeccións diédricas.
- Comprender e empregar o sistema diédrico para resolver problemas xeométricos no espazo tales como determinar a verdadeira magnitude de segmentos, ángulos e figuras.

### **3.5 TEMA 5: SISTEMA DIÉDRICO II: CORPOS XEOMÉTRICOS**

#### **3.5.1 Criterios de avaliación**

- CA2.1. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA2.3. Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico.

#### **3.5.2 Contidos mínimos**

- Representación en diédrico de pirámides, conos, prismas e cilindros.
- Seccións de figuras e planos.
- Desenvolvemento de pirámides, conos, prismas e cilindros.
- Interseccións de figuras e rectas.
- Resolver problemas de medida aplicando xiros ou cambios de plano sobre cilindros e conos para colocalos en posicións favorables.
- Determinar a sección producida por un plano sobre pirámides, conos, prismas e cilindros.
- Determinar a intersección entre rectas e pirámides, conos, prismas ou cilindros, utilizando un trazado auxiliar para determinar os puntos de entrada e saída.
- Debuxar o desenvolvemento de pirámides, conos, prismas e cilindros, obtendo a verdadeira magnitude das súas caras e arestas.
- Proxeccións diédricas dos poliedros regulares.
- Representar os poliedros regulares en calquera posición respecto a os planos coordenados e resolver problemas de cálculos de altura e de partes vistas e ocultas.
- Resolver problemas de seccións planas de poliedros regulares no sistema diédrico.

### **3.6 TEMA 6: SISTEMA AXONOMÉTRICO ORTOGONAL**

#### **3.6.1 Criterios de avaliación**

- CA2.1. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA2.4. Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas e cónica, aplicando os coñecementos específicos dos devanditos sistemas de representación.

### **3.6.2 Contidos mínimos**

- Coñecer e comprender os elementos e propiedades do sistema axonométrico, clasificándoos segundo o ángulo que formen os seus eixos e aplicando o coeficiente de corrección.
- Representación de punto, recta e plano en sistema axonométrico.
- Interseccións entre dous planos e entre plano e recta en sistema axonométrico.
- Figuras planas e abatements en sistema axonométrico.
- Perspectivas da circunferencia en sistema axonométrico.
- Perspectiva de sólidos: seccións planas e intersección cunha recta.
- Resolver problemas de representación de figuras e corpos en sistema axonométrico, aplicando abatements e calculando as perspectivas e verdadeiras magnitudes dos distintos elementos.
- Realizar problemas de seccións planas de corpos ou espazos tridimensionais e de interseccións de sólidos cunha recta en sistema axonométrico.

## **3.7 TEMA 7: SISTEMA AXONOMÉTRICO OBLICUO**

### **3.7.1 Criterios de avaliación**

- CA2.1. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA2.2. Resolver problemas xeométricos mediante abatements, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre os métodos utilizados e os resultados obtidos.
- CA2.4. Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas e cónica, aplicando os coñecementos específicos dos devanditos sistemas de representación.

### **3.7.2 Contidos mínimos**

- Coñecer e comprender os elementos e propiedades do sistema de perspectiva caballera, clasificándoos segundo o ángulo que formen os seus eixos e aplicando o coeficiente de corrección.
- Representación de punto, recta e plano en perspectiva caballera.
- Interseccións entre dous planos e entre plano e recta en sistema de perspectiva caballera.
- Figuras planas e abatements en sistema de perspectiva caballera.
- Perspectivas da circunferencia en sistema de perspectiva caballera.
- Perspectiva de sólidos: seccións planas e intersección cunha recta en perspectiva caballera.

- Resolver problemas de representación de figuras e corpos en sistema de perspectiva caballera, aplicando abatements e calculando as perspectivas e verdadeiras magnitudes dos distintos elementos.
- Realizar problemas de seccións planas de corpos ou espazos tridimensionais e de interseccións de sólidos cunha recta en sistema de perspectiva caballera.

### **3.8 TEMA 8: SISTEMA DE PLANOS ACOTADOS**

#### **3.8.1 Criterios de avaliación**

- CA2.1. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA2.5. Resolver problemas xeométricos e de representación mediante o sistema de planos acotados.

#### **3.8.2 Contidos mínimos**

- Coñecer o fundamento do sistema de planos acotados e representa puntos, rectas, planos e interseccións entre os distintos elementos.
- Interseccións de planos e de recta e plano.
- Resolver problemas de cubertas, dominando a linguaxe técnica.
- Representación de perfís ou sección de terreo a partir das súas curvas de nivel.

### **3.9 TEMA 9: SISTEMA CÓNICO**

#### **3.9.1 Criterios de avaliación**

- CA2.1. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA2.4. Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas e cónica, aplicando os coñecementos específicos dos devanditos sistemas de representación.

#### **3.9.2 Contidos mínimos**

- Coñecer o fundamento do sistema cónico e representa puntos, rectas, planos e interseccións entre os distintos elementos.
- Interseccións de planos e de recta e plano.
- Cálculo de puntos métricos.
- Métodos perspectivos
- Representación de sólidos e formas tridimensionais a partir das súas vistas diédricas.

### **3.10 TEMA 10: NORMALIZACIÓN E CROQUIZACIÓN**

### **3.10.1 Criterios de avaliación**

- CA3.2. Representar corpos xeométricos e de revolución aplicando os fundamentos do sistema diédrico para xerar vistas normalizadas.
- CA3.3. Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas normalizadas, aplicando os coñecementos específicos do devandito sistema de representación.
- CA3.4. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA3.5. Desenvolver proxectos gráficos sinxelos mediante o sistema de planos acotados.
- CA3.6. Elaborar a documentación gráfica apropiada a proxectos de diferentes campos, formalizando e definindo deseños técnicos empregando esbozos e planos conforme a normativa UNE e ISO.

### **3.10.2 Contidos mínimos**

- Definición de normalización. Clasificación de normas
- Normalización española
- Coñecer os formatos e liñas normalizadas
- Utilización de escalas
- Esbozos e planos de taller. Perspectivas normalizadas.

## **3.11 TEMA 11: CORTES, SECCIÓNS E ROTURAS**

### **3.11.1 Criterios de avaliación**

- CA3.1. Resolver problemas xeométricos mediante abatements, xiros e cambios de plano, reflexionando sobre a súa utilidade na obtención de cortes, seccións e roturas.
- CA3.3. Recrear a realidade tridimensional mediante a representación de sólidos en perspectivas axonométricas normalizadas, aplicando os coñecementos específicos do devandito sistema de representación.
- CA3.4. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.

### **3.11.2 Contidos mínimos**

- Vistas dun obxecto
- Representación de cortes de obxectos. Tipos de cortes
- Representación de seccións de obxectos. Diferencia entre corte e sección
- Representación de interseccións
- Representación de roturas
- Representación de corpos e pezas industriais sinxelas. Esbozos e planos de taller. Cortes, seccións e roturas.



## **3.12 TEMA 12: PROXECTOS**

### **3.12.1 Criterios de avaliación**

- CA3.4. Valorar o rigor gráfico do proceso, a claridade, a precisión e o proceso de resolución e construción gráfica.
- CA3.5. Desenvolver proxectos gráficos sinxelos mediante o sistema de planos acotados.
- CA3.6. Elaborar a documentación gráfica apropiada a proxectos de diferentes campos, formalizando e definindo deseños técnicos empregando esbozos e planos conforme a normativa UNE e ISO.

### **3.12.2 Contidos mínimos**

- Elementos e tipos de proxectos.
- Planificación: fases e tarefas dun proxecto.
- Identifica os distintos tipos de planos industriais e arquitectónicos.
- Debuxa bosquexos, esbozos, esquemas, diagramas e planos necesarios para a presentación do seu proxecto.

## **4. AVALIACIÓN**

### **4.1 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

- Exames de avaliación (tres en total) e final
- Asistencia, participación e aproveitamento
- Láminas de traballo. Valorarase a exactitude na solución, orde, claridade e limpeza, construcións máis adecuadas e normalización, prazo de entrega e formato.

### **4.2 CUALIFICACIÓN E TITULACIÓN DO ALUMNADO**

- Ó longo do curso realizaranse tres avaliacións, coincidindo cada unha delas co final dun trimestre.
- A finais de cada unha das avaliacións realizarase un exame, que fixará a Dirección do Centro, no que se preguntará ao alumnado por toda a materia estudada na mesma. Despois da 1ª avaliación e 2ª avaliación farase a recuperación do citado exame en horario non lectivo, para evitar a interferencia con clases doutras materias. Por outra parte, previa a realización do exame da avaliación ordinaria (ou exame final) fixado pola Dirección do Centro, o Profesor da materia organizará outro exame previo da 3ª avaliación, tamén en horario non lectivo.

Deste xeito a recuperación do mesmo, realizarase na data fixada pola Dirección do Centro como avaliación ordinaria (ou exame final).

- Na cualificación de cada unha das avaliacións (ou recuperacións, se é o caso), e na final, a ponderación do exame será do 50 % e, co 50 % restante, valorarase a realización das láminas de traballo programadas e a súa entrega en tempo (no prazo indicado) e forma (coa presentación e formato requirido). Se non se alcanza un mínimo de 3 no exame ou na cualificación das láminas de traballo, non se aplicará a ponderación indicada anteriormente e a materia estará suspensa.
- Cada lámina de traballo cualificarase de 0 a 8 puntos, e se lle engadirá 0,5 puntos pola entrega no prazo requirido, 0,5 puntos por resaltar o resultado co rotulador ou estilógrafo axeitado e, ata 1 punto, por resaltar os restantes elementos da lámina co rotulador ou estilógrafo adecuado. Farase a media aritmética das cualificacións de todas as láminas de cada unha das avaliacións. A cualificación obtida das láminas terá unha ponderación do 50% en cada avaliación e na cualificación ordinaria de maio. As láminas poden repetirse para mellorar a súa cualificación.
- No mes de maio, despois do exame da terceira avaliación, farase a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións, sempre en cando ningunha delas sexa inferior a 3,5. Se esta media é 5 ou superior o alumno superará a materia. En caso contrario o alumno terá que facer o exame final de xuño no que terá recuperar o exame da avaliación ou avaliacións suspensas e, ademais, terá que entregar as láminas non entregadas durante o curso ou suspensas.
- Se un/ha alumno/a superou a materia por avaliacións e desexa mellorar a súa cualificación poderá presentarse ao exame final da mesma. Esta cualificación non será nunca inferior a media aritmética das tres avaliacións.
- As datas dos exames son as seguintes:
  - **Exame da 1ª av:** Do 18 ao 22 de Novembro (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)
  - **Recuperación da 1ª av:** xoves 9 xaneiro as 16:00. O alumnado que por cuestións de traballo ou estudos, e sempre con xustificación documental oficial, non poida asistir na data e hora sinalada, poderá facela recuperación o venres 10 de xaneiro as 09:15.
  - **Exame da 2ª av:** semana do 17 ao 21 de Febreiro (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)
  - **Recuperación da 2ª av:** xoves 10 de abril as 16:00. .
  - **Exame da 3ª avaliación e final de Debuxo Técnico I (para o alumnado matriculado en 2º de Bacharelato que a teña pendente de 1º de Bacharelato):** do 22 ao 24 de abril (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)
  - **Exame da 3ª av:** venres 25 de abril as 09:15.
  - **Recuperación da 3ª av:** no exame final (avaliación ordinaria), do 5 ao 9 de maio (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)
  - **Exame final de maio (avaliación ordinaria):** do 5 ao 9 de maio (consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro)
- Haberá unha convocatoria extraordinaria **no mes de xuño** (do 9 ao 11: consultar páxina WEB ou taboleiro de anuncios da secretaría do Centro), no que o alumnado terá que examinarse de toda a materia do curso.

- A cualificación da avaliación extraordinaria de xuño, se é o caso, obterase coa maior das seguintes cualificacións:
  - A ponderación do exame será do 70 % e co 30 % restante valorarase a realización e corrección das láminas programadas durante o curso.
  - 100 % da cualificación do exame.

□ **CONDICIÓN PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE BACHARELATO CUNHA MATERIA SUSPENSA:**

*Artigo 17 da Orde de 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación. Obtención do título de bacharelato polo réxime de persoas adultas.*

*Os alumnos e as alumnas que cursen o bacharelato polo réxime para persoas adultas obterán o título sempre que obtivesen avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato, ou en todas as materias agás unha. Neste último caso, deberanse reunir as condicións seguintes:*

*a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.*

*b) Que non se produciu un abandono da materia por parte da alumna ou do alumno, conforme os criterios establecidos por parte dos centros no marco do disposto pola consellería con competencias en materia de educación.*

*c) Que a alumna ou o alumno se presentou a todas as probas e realizou todas as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.*

*d) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa sexa igual ou superior a cinco.*

## **5. LISTADO DE MATERIAL RECOMENDADO**

- Lapis ou portaminas 2B (brando)
- Lapis ou portaminas HB (semibrando)
- Lapis ou portaminas 2H (duro)
- Rotuladores graduados ou estilógrafos: 0.2 (fino), 0.4 (medio), 0.8 (groso)
- Xogo de escuadra e cartabón, preferiblemente sen graduar
- Regra graduada
- Escalímetro
- Tinta correctora branca (en formato bolígrafo)
- Compás con adaptador para rotulador ou estilógrafo (segundo sexa o caso)
- Goma branda e afía
- Papel de debuxo tamaño DIN A4, sen marxe, ou folios gramaje 100 ou 120 tamaño DIN A4

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

Nas ensinanzas a distancia semipresencial o aprendizaxe enténdese como un proceso activo no que, o alumno “ti” es o protagonista principal, orientado e guiado polo profesor-titor a través de titorías presenciais. Este cambio de protagonismo supón que debes de asumir un papel mais activo no teu aprendizaxe, aprender a organizar os tempos de estudo, e a comunicarte e expresarte a través da realización das actividades propostas polo profesor -titor, que che van a axudar a construír o teu propio coñecemento e valorar a través dos criterios de avaliación que se propoñen en cada unha das U.D, e en que medida vas conseguindo os obxectivos da materia. Polo tanto, a educación a distancia semipresencial debes entendela como un proceso de “comunicación educativa”, que se pode romper se falla algún dos elementos. Pensamos que esta metodoloxía favorece a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo o traballo individual e en grupo (nas titorías lectivas), o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, así como a transferencia e a aplicación do aprendido o manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples, tal como se propón nos principios metodolóxicos de Bacharelato na actual Lei de Educación (Decreto 86/2015, do 25 de xuño).

As titorías presenciais, son de dous tipos: titorías lectivas e titorías de orientación:.

- **As titorías lectivas**, é unha titoría semanal para cada materia, a que tes que asistir de forma obrigatoria para facilitar o proceso de ensinanza (agás en circunstancias acreditadas, previa petición do interesado/a).
- **As titorías de orientación**, son varias horas semanais que figuran no horario do profesor/a da materia, nas que podes acudir o seu despacho para consulta dubidas, asesoramento e orientación con cada profesor da materia.

As **titorías lectivas** dedicaranse a abordar co alumnado os aspectos fundamentais da materia correspondente, incidindo especialmente nos contidos procedementais, Cada sesión comeza polo plantexamento de cuestións relacionadas coa materia traballada na sesión da semana anterior. Continuase coa resolución de problemas/ actividades, e aclaración dos aspectos mais complexos onde se observa una falla de comprensión, ou daqueles que resulte evidente que non chegaron de xeito claro os alumnos. Una vez concluído este punto, pásase a desenvolver os contidos seguintes que se traballaran na sesión, co apoio dos materiais e recursos que se citan no apartado correspondente.

As **titorías de orientación** dedicaranse a solucionar as dúbidas que suscite no alumnado o estudo da Materia e os problemas atopados no desenvolvemento do seu traballo autónomo, así como a realizar as orientacións que se aconsellen para o mellor aproveitamento do seu estudo.